

Arranca Inspira STEAM A Coruña 2021/2022!



Buscamos **mentoras, mentores e centros educativos** que queiran participar, **anímate!** <http://intranet.inspirasteam.net/>

Hoxe en día a xuventude, e en especial as rapazas, necesitan **referentes femininos próximos en ciencia e tecnoloxía. Mulleres STEAM** (siglas en inglés de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas) que sirvan de espello e inspiración onde mirarse. A través delas poderán derrubar os estereotipos que lles fan crer que estas profesións non son para elas, que son demasiado difíciles e que non son capaces de conseguilo. Acercamos estas profesións aos mozos, mostrando os ámbitos onde traballan, a súa contribución á sociedade ou o tipo de habilidades que aplican no seu día a día. Queremos que as mozas, rapazas e rapaces, **se prantexen as STEAM como unha opción de futuro** e que non a descarten por non ter referentes, por non saber o tipo de traballo que poden desenvolver ou por non crer nas súas capacidades para conseguilo.

Tamén necesitamos **homes mentores** que acerquen esta realidade aos mozos e traballen con eles en **crear unha sociedade máis xusta e igualitaria**. Igual que elas, os rapaces necesitan referentes de novas masculinidades, coñecer as profesións e estudos STEAM, e ampliar a súa mirada cara estas disciplinas. Ademais, deben coñecer as barreiras ás que se enfrentan as súas compañeiras para, entre todas e todos, superalas.


Algúns **datos** a nivel estatal de **mulleres** en ensinanzas vinculadas a **disciplinas STEAM**:

- **Bacharelato** de Ciencias e Tecnoloxía: 47%
- **Formación Profesional**:
 - Informática e Comunicacións: 11,4%
 - Fabricación Mecánica: 9,4%
 - Electricidade e Electrónica: 4,8%
- **Graos e Mestrados universitarios**:
 - Informática: 12,9%
 - Enxeñaría, Industria e Construción: 28,5%

*Fonte: [Ministerio Educación e Formación Profesional](#)



Inspira STEAM forma parte da **Alianza STEAM polo talento feminino. Nenas en pé de ciencia**, iniciativa do Ministerio de Educación e Formación Profesional.



Premio Dona TIC (2019), outorgado por Generalitat de Catalunya.

As claves do proxecto son:



Facilitar novos referentes de mulleres científicas e tecnólogas próximas.



Que rapazas e rapaces descubran as profesións STEAM.



Concienciar sobre a necesidade de que o desenvolvemento do país se produza entre mulleres e homes.



Sensibilizar e orientar sobre os estudos en ciencia e tecnoloxía.



Visibilizar e poñer en valor ás mulleres STEAM da historia, actuais e próximas.



Dar a coñecer os estereotipos existentes nestas áreas para que non condicionen as decisións de rapazas e rapaces.

5 edicións

[2016-2021]

1.350 **mentoras/es**

481 **centros escolares**

11.737 **rapazas**

11.099 **rapaces**

Euskadi, Madrid, Cataluña, Andalucía, Asturias, Galicia y Murcia.

Que implica participar?

- Compromiso, ilusión e ganas de promover as áreas STEAM entre estudantes, especialmente entre as rapazas.
- Desenvolver **seis sesións** de mentoring cun grupo de 8-15 estudantes de **6ºEP (1ºESO)** dunha hora de duración aproximada, en **horario lectivo** durante o **curso 2021/2022**.
- **Máis detalles:** <https://inspirasteam.net/participar>
- **Inscrición:** <http://intranet.inspirasteam.net/>



Reunión informativa aberta (online)

16 de novembro, 12:00-13:00

<http://meet.google.com/igo-kzna-buq>

Formación de mentoras/es: 2 de febreiro

Máis información: <http://inspirasteam.net/> - inspira@deusto.es

Dúbdas sobre o nodo A Coruña: veronica.bolon@udc.es

